






## CULTURA CLÁSICA 3º E TAMÉN PARA O 1º CICLO



Colección dirigida por Anne-Catherine Vivet-Rémy. Ed. Akal. *Una lectura con juegos para descubrir a los clásicos.* En cada capítulo inclúense xogos de comprensión lectora e vocabulario, así como páxinas de documentación para enriquecer o coñecemento da época.






*Héroes de Roma en la antigüedad.* Jean-Pierre Andrevon. Ed. Anaya. Para descubrir a historia de Roma a través dos personaxes e feitos máis coñecidos: César, Espartaco, Escipión, Constantino.. O último día de Pompei.




*Ana y la sibila.* Antonio Sánchez Escalonilla. Ed. Bambú. Novela xuvenil na que os protagonistas realizan unha viaxe no tempo ata a antiga Roma e mentres resollen varios enigmas van coñecer de primeira man feitos e persoas que nos soan a todos.


Para entrar en contacto cos mitos.



### CULTURA CLÁSICA 3º E LATÍN 4º



Manuais sinxelos de mitoloxía, para consultar en calquera nivel




Un panorama da vida cotiá na antiga Grecia: o medio físico, as viaxes, os roles de homes e mulleres, educación, matrimonio, ocio, traballo... a partir dos estudos realizados nos últimos anos sobre as mulleres, a familia e a policromía dos mármores



**Colección *Misterios romanos*, de Caroline Lawrence.**

Novelas juvenís que mesturan o rigor histórico coas aventuras de catro amigos detectives. Para aprender como era a vida na antiga Roma.



## BACHARELATO




Colección *La serie de misterio de la antigua Roma (Roma sub rosa)*, de Steven Saylor.

Novela histórica e de serie negra para alumnado de bacharelato, que sabará recoñecer nas investigacións de Gordiano o sabuxo os episodios e personaxes máis destacados da época final da república romana: Cicerón, Clodio, Catilina e a conxuración, a ditadura de Sila, Pompeo, Craso...



## BACHARELATO

### Novela histórica



Tamén de Robert Graves, na biblioteca, *La hija de Homero*, *Claudio el Dios* e *El vellocino de oro*.

### Historia novelada



Magnífica análise dos convulsos tempos finais da república, establecendo comparacións con situacións políticas actuais.